



Concello de Cuntis

BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

Tendo en conta as medidas adoptadas polo nivel de restricións máximo no que se atopa o noso Concello e, á vista da instalación de carpas e/ou toldos desmontables por parte de negocios hostaleiros,

En aras de adoptar as medidas preventivas en materia sanitaria,

FAI SABER:

Que, segundo o recollido na Lei 42/2010 de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005 de 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e regula a venda, suministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco e, a tenor das analoxías destas medidas coa situación presente de pandemia por contaxio **enténdese por espacio ao aire libre “todo espacio non cuberto ou que en caso de estar cuberto esté rodeado lateralmente por un máximo de duas paredes, muros ou paramentos,”** polo que, **“todas as carpas ou toldos colocados en establecementos hostaleiros deberán contar como máximo con dous paramentos ou paredes, asegurando unha axeitada ventilación así como ter en conta o resto de medidas dispostas na lexislación vixente”** e polo o tempo que dure o nivel máximo de restricións.

Aquelas carpas e/ou toldos que ocupen zona de dominio público deberán contar coa correspondente licenza municipal.

As Forzas e Corpos de Seguridade velarán polo efectivo cumprimento destas medidas.

O que se informa aos efectos oportunos na data da sinatura dixital á marxe.

